



DOCUMENTO – ANÁLISE

TELETRABALLO E TRABALLO MÓBIL BASEADO NAS TIC: MAPA DE SITUACIÓN NA UE

(Eurofound, 2020)

A Fundación Europea para a Mellora das Condicións de Vida e Traballo, Eurofound publicou a principios do ano 2020 un informe no que se analizan as condicións dos empregos e as condicións laborais das persoas traballadoras con modalidades de teletraballo e traballo móbil baseado nas tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC); o informe céntrase no efecto que o entorno laboral e a organización do traballo asociadas ao teletraballo e ao traballo móbil teñen na conciliación da vida familiar e a vida profesional, na saúde, no rendemento e nas perspectivas das persoas traballadoras. Neste artigo prestaremos atención a un dos capítulos que aparecen no informe: *O mapa de situación sobre o teletraballo e traballo móbil en Europa*.

Para describir o traballo remoto con algún grao de flexibilidade en termos de lugar e tempo, veñen empregándose unha ampla gama de conceptos: teletraballo, traballo intelixente, traballo remoto, traballo electrónico móbil e traballo móbil con TIC. O uso das TIC cambiou a organización do traballo e directa ou indirectamente tamén as condicións de traballo. O estudo analiza o emprego e condicións de traballo en TICTM baseadas nun concepto desenvolvido por Eurofound e a OIT (2017), definindo **TICTM** como traballo con TIC en máis dunha localización (con diferentes graos de mobilidade) con flexibilidade en canto a tempo e lugar de traballo. Esta definición salienta a flexibilidade que as TIC ofrecen á relación laboral ou á natureza das tarefas.

O informe proporciona unha descrición xeral de lexislación pertinente a nivel da UE e as regulacións dentro dos Estados membros que están relacionados coa mellora de equilibrio traballo-vida das persoas traballadoras TICTM. Este informe inclúe evidencias sobre como as interaccións entre o mundo do traballo e a dixitalización poden modificar as condicións de traballo de empregados/as en Europa e mostra que a automatización, a intelixencia artificial e o traballo de plataforma tamén poden ofrecer posibilidades para ter máis flexibilidade en termos de tempo e localización, así como riscos de intensificación do traballo.

Referencias previas e metodoloxía

Este documento toma como referencias textos e análises de datos publicados anteriormente; así o informe **Novas formas de emprego (Eurofound, 2015a)** identificou o traballo móbil baseado nas TIC como unha das formas de organización do traballo en aumento do UE; posteriormente, no documento **Traballando en calquera momento en calquera lugar: os efectos sobre o mundo do traballo (Eurofound e a OIT, 2017)**, realizouse unha investigación en profundidade en base á



información recollida de 10 Estados membros: Bélxica, Finlandia, Francia, Alemaña, Hungría, Italia, Países Baixos, España, Suecia e Reino Unido. Isto complementouse mediante análise da **Enquisa europea sobre condicións de traballo (EWCS)**. O estudo que nos ocupa inclúe literatura adicional, revisión e análises posteriores dos datos de **EWCS 2015 (Eurofound, 2019a)**, estudos de caso en profundidade sobre TICTM: acordos, marcos e contribucións nacionais dos 28 Estados membros da UE relacionados con traballo flexible mediante TIC e equilibrio traballo-vida (**Eurofound, próximo**). A EWCS abrangue unha mostra representativa de 43.850 empregados/as e traballadores/as por conta propia en 35 estados europeos; a enquisa inclúe entrevistas presenciais realizadas nos domicilios das persoas enquisadas; o cuestionario da enquisa abrangue un amplo conxunto de temas: características da persoa traballadora (incluída a situación do fogar), deseño do traballo, condicións de traballo, tempo de traballo, exposición a riscos físicos, organización do traballo, uso de habilidades e autonomía, equilibrio traballo-vida, participación das persoas traballadoras, o ambiente social no traballo e saúde e benestar.

A revisión da literatura realizouse en 2017-2018 sobre publicacións de investigación, revistas e artigos publicados en inglés, estonio, francés, alemán e español dende 2012; a selección realizouse tendo en consideración que son idiomas que contan cun número relativamente alto de publicacións sobre o tema, un nivel relativamente alto de TICTM e onde a dixitalización forma parte das políticas estatais.

A fin de complementar a análise cuantitativa e obter máis información sobre o impacto TICTM nas persoas traballadoras, realizáronse 15 estudos de caso en profundidade en cinco países en 2018: Dinamarca, Estonia, Francia, Alemaña e España; os estudos de caso baseáronse principalmente en medios cualitativos semi estandarizados: entrevistas con traballadores/as e os seus empregadores/as, e con persoas traballadoras independentes e os/as seus/súas clientes.

Para os efectos deste estudo, defínense como persoas traballadoras con acordos TICTM ás persoas traballadoras empregadas e traballadoras autónomas que empregan ordenadores, ordenadores portátiles, teléfonos intelixentes e outras TIC "sempre" ou "case todo" o tempo e que traballan en polo menos unha ubicación distinta ás dependencias do seu empresario/a polo menos varias veces ao mes. Clasifícanse aínda máis atendendo á frecuencia de uso das TIC, lugar de traballo e nivel de mobilidade. Tamén se comparan as condicións laborais destas persoas traballadoras coas das persoas traballadoras cuxo lugar de traballo está fixo. Estas categorías permiten realizar estatísticas comparativas e a nivel da UE destes traballadores/as por primeira vez. Dado que a análise das diferenzas entre países é limitada debido ao pequeno tamaño da mostra, amósanse índices de calidade do traballo con fins ilustrativos para cinco Estados: Bélxica, Francia, Eslovenia, España e o Reino Unido.



Estrutura do informe

Capítulo 1, define e discute o concepto de TICTM e como funciona na práctica.

Capítulo 2, ofrece unha breve descrición da incidencia de TICTM en Europa, proporcionando información sobre a súa distribución en termos de países, sectores, ocupacións, situación laboral, xénero e grupos de idade.

Capítulos 3 a 5, exploran as condicións de traballo en TICTM relacionado co equilibrio traballo-vida, saúde e perspectivas de promoción laboral e analiza os resultados.

Capítulo 6, proporciona unha visión xeral das regulacións nacionais relacionadas con TICTM. Baséase no marco 2017-2018, e en regulacións dos mesmos cinco países que os estudos de casos. Tamén presenta algúns achados dun traballo realizado por Eurofound en 2019 para mapear as regulacións nos Estados membros relacionadas co equilibrio entre o traballo e a vida dos traballadores/as que traballan con flexibilidade utilizando as TIC.

Capítulo 7, presenta conclusións e indicadores de políticas das análises realizadas no informe.

Concepto e tipos de TICTM

O informe considera teletraballo u traballo móbil asociado ás TIC, TICTM, calquera acordo de traballo no que as persoas traballadoras realizan as súas labores a distancia, fóra das instalacións do empregador/a ou dunha ubicación fixa, empregando tecnoloxías dixitais (internet, redes, ordenadores portátiles ou teléfonos móbiles)

TICTM abarca, por exemplo, empregados/as de oficina que tamén traballan en lugares fóra das instalacións do seu empregador (como dende o fogar, en cafeterías ou en transporte público), persoas traballadoras de plataformas en liña e persoas independentes que traballan de maneira flexible, en locais propios, dos seus clientes ou nun local compartido. Todas estas persoas teñen a oportunidade de utilizar as TIC para traballar de forma remota e en máis dun lugar.

É esencial distinguir entre persoas traballadoras asalariadas e autónomas, xa que a natureza dos seus respectivos estados de emprego conducen a diferenzas en condicións de traballo no contexto de TICTM.

Este informe define catro categorías de TICTM en función do grao de mobilidade, uso das TIC e situación laboral (Táboa 1):


- No fogar de forma regular: empregados/as que frecuentemente usan as TIC para traballar dende casa.

- Altamente móbil: empregados/as que usan as TIC con frecuencia para traballar e ter un alto nivel de mobilidade.
- Ocasional: empregados/as que ocasionalmente usan as TIC para traballar dende lugares distintos ao local da empresa.
- Por conta propia: traballadores/as por conta propia que ocasionalmente ou con frecuencia usan as TIC para traballar dende localizacións distintas ás súas propias instalacións.

Estabelécense outras tres categorías de traballadores/as sen acordos de TICTM:

- Empregados/as que empregan con frecuencia as TIC para traballar e que sempre traballan nas instalacións do seu empregador/a.
- Empregados/as que empregan as TIC ocasionalmente ou non as empregan e que sempre traballan nas instalacións do seu empregador/a.
- Persoas autónomas con lugar de traballo fixo.

Figura 1. Porcentaxes de traballadores/as por tipo de acordo de traballo, EU28, 2015



Fonte: EWCS 2015



TICTM na práctica

Os estudos de caso suxiren que os acordos TICTM xeralmente se realizan sobre a base de contratos de traballo estándar. Sen embargo, atendendo á EWCS, en torno a unha cuarta parte destas persoas traballadoras teñen condicións de traballo precarias caracterizadas por contratos temporais, inseguridade laboral, baixos salarios, acceso deficiente á formación e malas perspectivas profesionais.

Aínda que o traballo TICTM está cada vez máis cuberto en convenios colectivos a nivel sectorial e empresarial, a implementación predominante continúa a ser o acordo informal. A dispoñibilidade de TICTM está a miúdo ligada á decisión dos xerentes, empregándose, segundo se observa nos estudos de caso, diferentes formatos dependendo das organizacións. O TICTM non é posible para todos os traballos, debido á natureza dos mesmos ou a problemas como a seguridade ou a protección de datos.

O TICTM impleméntase a solicitude do empregado/a (habitualmente co obxectivo de mellorar a súa autonomía, flexibilidade e equilibrio traballo-vida), do empregador/a (se, por exemplo, o traballo require ao empregado/a visitar clientes, como unha forma de reducir custos ou para aumentar a eficiencia e a produtividade), ou unha combinación de ambos. Isto dá como resultado diferenzas entre empresas en termos de se todo o persoal é elixible para este acordo de traballo ou so certos grupos de empregados/as.

Unha precondition importante para que o traballo TICTM sexa efectivo e eficiente é que os traballadores/as remotos teñan acceso aos sistemas de comunicacións da empresa e poidan intercambiar información con colegas e xerentes, independentemente da hora e o lugar (Eurofound, 2015a). Isto require un sistema de computación con acceso dende dispositivos móbiles, así como procedementos para o intercambio de información. As prácticas difiren en canto a se a empresa proporciona os dispositivos necesarios e no caso de ser así, se os empregados poden utilizalos para fins privados. Isto está parcialmente influenciado polo sector e a ocupación.

Implantación de TICTM en Europa

O alcance do TICTM en Europa segue sendo limitado, a pesares do crecente interese entre responsables políticos e investigadores (Eurofound e OIT, 2017).

Nalgúns países os datos son escasos ou non reflicten o número real de persoas que manteñen este tipo de acordo laboral, pois se relaciona unicamente con persoas que traballan dende o fogar. Outro desafío na medición de TICTM é a falta de comprensión harmonizada do concepto que ten como resultado as diferentes definicións que empregan os diferentes investigadores. Estas disparidades


finalmente conducen a resultados, que dificultan ou impiden a análise comparativa. Así, as cifras que permiten comparación sobre a prevalencia de TICTM en Europa proveñen da EWCS.

Segundo a EWCS 2015, en torno ao 19% das persoas traballadoras na UE teñen acordos TICTM en funcionamento (Figura 1). Destes, case a metade son empregados/as que son ocasionalmente móbiles, mentres que unha cuarta parte son altamente móbiles. Os empregados/as TICTM que traballan dende o fogar de forma regular e os traballadores/as autónomos/as TICTM representan o 15% de todos os TICTM.

O TICTM está máis estendido en el Países escandinavos: 38% e 33% de todas as persoas traballadoras en Dinamarca e Suecia, respectivamente (Figura 2). Outros países da UE con cotas relativamente altas de traballadores/as TICTM son os Países Baixos (31%), Luxemburgo (29%), Reino Unido (27%), Francia (26%) e Estonia (25%). Isto suxire que os acordos TICTM son máis comúns no norte e no oeste de Europa, con excepcións como Alemaña, que está por debaixo da media da UE cun 13%, e Estonia, que está por encima cun 24%. No sur de Europa o Estado español conta coa maior participación de traballadores/as de TICTM (16%). Curiosamente, a porcentaxe de traballadores/as TICTM autónomos/as é maior nos países do sur de Europa. En Italia, por exemplo, o 36% dos traballadores/as independentes poden clasificarse como TICTM, en comparación co 7% dos empregados/as.

Un estudo de Eurofound e a OIT (2017), indica que as variacións entre países poden explicarse por diferentes factores: a propagación das TIC, posibilidades de conexión a internet, habilidades TIC, estrutura económica, PIB, xeografía e cultura laboral, incluída a xestión de modelos. Outro elemento importante son as disposicións en lexislación e negociación colectiva que regulan o traballo flexible e remoto. En consecuencia, os factores que impulsan a implementación de TICTM e as barreiras atopadas son multifacéticas e están interrelacionadas, non sendo a dixitalización da economía o único elemento determinante. Isto está reflectido nos datos proporcionados pola economía dixital da UE e o Índice da Sociedade (DESI), que rastrea o rendemento dixital dos Estados membros. Dinamarca e Estonia obteñen unha puntuación alta, que podería estar relacionada co feito de que ambos países teñen altos niveis de TICTM. Con todo, Francia ten unha puntuación media de DESI a pesares do seu alto nivel de TICTM, e no Estado español a puntuación DESI está á par co de Francia, pero hai moitos menos traballadores/as de TICTM. Isto suxire que outros factores están a impulsar/impedir o uso de TICTM en toda Europa, especialmente a cultura de xestión, un factor marcado nos estudos de caso.

Figura 2: Porcentaxes de persoas traballadoras (empregados/as e autónomos/as) con acordos TICTM nos Estados Membros da UE, 2015




Fonte: EWCS 2015

TICTM por sector

Considerando a poboación laboral total da UE, a porcentaxe máis alta de persoas traballadoras con acordos TICTM atópase no sector das actividades profesionais e científicas, así como no comercio ao por maior e polo miúdo. O exame dos datos amosa os tipos de TICTM que son máis frecuentes en cada sector. Así por exemplo, un emprego regular de TICTM no fogar atópase principalmente no sector da educación, nas persoas que traballan no sector da información e comunicación (incluída a industria das TIC) e en actividades profesionais e científicas. O colectivo de traballadores/as TICTM altamente móbiles atópase disperso en todos os sectores, aínda que pode atoparse máis concentrado no comercio ao por maior e polo miúdo e en menor extensión en manufactura, transporte e almacenamento, información e comunicación, administración pública e saúde. O traballo TICTM ocasional é o tipo máis común en todos os sectores, sendo máis frecuente en fabricación, actividades profesionais e científicas e administración pública. O traballo TICTM autónomo atópase fundamentalmente en actividades profesionais e científicas, información e comunicación, e comercio ao por maior e polo miúdo.

A Figura 3 amosa as proporcións de persoas traballadoras en cada categoría segundo sector. Os sectores coas maiores proporcións de traballadores/as con acordos TICTM son información e comunicación (57% dos traballadores do sector), seguido de profesionais e actividades científicas (53%), servizos financeiros (43%), bens inmobles (43%) e administración pública (30%). Tipicamente, estes son sectores cun alto nivel de dependencia TIC e máis flexibilidade con respecto á ubicación do traballo.

Figura 3: Prevalencia de tipos de acordos no traballo por sector, EU28, 2015



Fonte: EWCS 2015

TICTM por ocupación


Se temos en conta a ocupación, o traballo TICTM é máis común entre o grupo de profesionais; o 6,5% da forza laboral da UE son profesionais cun acordo TICTM; a continuación, técnicos e persoas asociadas ao grupo de profesionais (os/as que realizan TICTM representan o 4,5% da forza laboral da UE), traballadores/as de oficina e xestores (2,5% cada un da forza laboral da UE). Obsérvase como diferentes tipos de traballos TICTM son máis habituais en determinadas ocupacións. O traballo regular asociado a TICTM no fogar é realizado fundamentalmente por profesionais (incluído neste grupo o profesorado), mentres que o grupo TICTM altamente móbil inclúe una proporción relativamente grande de técnicos, así como persoal de servizos e traballadores/as de vendas e

artesáns. Empregados/as que realizan traballo TICTM ocasional atópanse en maior proporción dentro do persoal administrativo. No grupo de traballadores/as TICTM autónomos/as advírtese unha maior participación de xerentes.

Existen diferencias entre sectores en termos da distribución ocupacional de TICTM (Figura 4). No sector de servizos financeiros, os técnicos e asociados profesionais é o grupo ocupacional que máis traballa de forma TICTM. O sector que comprende aos traballadores/as do comercio ao por maior e polo miúdo, o transporte e a hostalaría son máis diversos, con traballadores/as de TICTM, entre os xerentes, os técnicos/as e profesionais asociados e os traballadores/as de servizos e vendas.

Noutros tres grupos sectoriais, a categoría dos profesionais é o grupo ocupacional máis numeroso con acordo TICTM: información e comunicación; profesional, científico e actividades administrativas; administración pública, educación e saúde. Algúns destes sectores inclúen ocupacións tradicionalmente móbiles, como vendedores/as, que adoptaron recentemente o uso das TIC.

Figura 4: Porcentaxes de persoas traballadoras con acordos TICTM por sector e ocupación (%), EU28, 2015



Fonte: EWCS 2015

TICTM nun segundo traballo

A porcentaxe de empregados/as que indican ter un segundo traballo é maior entre os que teñen un acordo TICTM que entre outros traballadores/as. O traballo regular TICTM no fogar é o grupo coa maior cota de traballadores/as que teñen un segundo traballo. Por exemplo, o 14% deste grupo no sector dos servizos ten un segundo traballo (fronte ao 7% empregados/as que traballan sempre na

súa empresa); destes a metade traballan en máis dun traballo de xeito regular. É plausible que o traballo TICTM a domicilio facilita ter máis dun traballo, debido á maior flexibilidade en canto ao tempo de traballo e lugar.

TICTM entre os autónomos

Ao redor do 20% dos traballadores/as por conta propia na UE traballa TICTM. Case a metade deles/as son altamente móbiles, fronte ao 27% dos/as empregados/as. Obsérvase que os autónomos/as adoitan empregar formas máis intensivas de TICTM que os empregados/as. A composición do grupo de traballadores/as autónomos/as TICTM aseméllase á dos traballadores/as por conta propia en xeral en Europa: a maioría traballa por si mesma ou son directores únicos. A proporción de traballadores/as autónomos/as ou persoas que traballan como socio nunha empresa ou actividade profesional representa menos dunha quinta parte do número total.

Os datos suxiren que o nivel de dependencia (é dicir, a porcentaxe do traballo realizado para un único cliente) no grupo TICTM por conta propia é algo superior nos que usan este sistema máis a miúdo. Non obstante, a comparación entre traballadores/as autónomos/as TICTM e outros autónomos/as en xeral amosan un pouco maior grao de dependencia dentro deste último grupo.

Polo tanto, aínda que se atoparon diferenzas dentro das categorías TICTM, non hai evidencias de que os traballadores/as autónomos/as de TICTM dependan máis dun cliente único que o resto dos autónomos. Unha maior porcentaxe de traballadores/as autónomos/as en TICTM indican que non teñen capacidade para contratar empregados/as e non teñen empregados/as que traballen para eles/as, comparados cos/as que teñen un posto de traballo fixo. Polo tanto, é menos común que un traballador/a TICTM autónomo sexa un empresario que o sexa un traballador/a por conta propia que teña unha empresa nun lugar de traballo fixo.

Características sociodemográficas


Os resultados do EWCS demostran que unha proporción maior de homes (54%) teñen un acordo TICTM que as mulleres (46%) (Eurofound e a OIT, 2017). Dentro dos diferentes tipos de TICTM, os homes representan unha maior parte dos empregados TICTM altamente móbiles e TICTM por conta propia, mentres que hai máis mulleres que homes no grupo TICTM que realiza tarefas habitualmente no fogar. O TICTM ocasional é igual entre ambos sexos. Esta ruptura de xénero pode estar relacionada cos roles tradicionais de xénero. Aínda que máis mulleres teñen un traballo remunerado, polo xeral continúan facendo máis tarefas domésticas que as súas parellas masculinas, polo que máis mulleres adoitan facer traballos TICTM con regularidade no fogar a fin de combinar demandas laborais e domésticas (Eurofound e a OIT, 2017).

O EWCS admite esta conxectura, mostrando que a maior parte dos traballadores/as con acordos TICTM teñen máis responsabilidades de coidado que o resto de traballadores. Tamén é común que estes traballadores/as sexan as principais fontes de ingresos do fogar, implicando que tales empregados/as poñen máis empeño no traballo e están máis motivados para traballar cando están lonxe das instalacións do empresario/a.

En relación á idade, a figura 5 mostra que o grupo TICTM ocasional ten unha proporción relativamente alta de traballadores/as novos/as, mentres que o traballo habitual TICTM dende o fogar, o traballo altamente móbil e os grupos TICTM por conta propia están constituídos por un número relativamente grande de homes con idades comprendidas entre 35 e 49 anos. Entre os traballadores por conta propia o grupo tende a ser máis vello (homes e mulleres) que os que están empregados.

As diferenzas xeracionais en relación coas habilidades TIC e os tipos de emprego parecen favorecer unha maior adopción de TICTM entre os traballadores/as dos grupos de idade máis nova. Non obstante, como o traballo TICTM podería empregarse cada vez máis para estender a vida laboral ofrecendo un acordo de traballo convinte aos traballadores/as máis vellos, esta distribución podería cambiar no futuro

Figura 5: Porcentaxes de traballadores/as por tipo de TICTM, xénero e idade, EU28, 2015



En conclusión: escala e alcance dos TICTM en Europa

- Ao redor dunha quinta parte da poboación traballadora da UE ten un acordo TICTM. Os Estados membros rexistran unha tendencia crecente a traballar a distancia, lonxe dos locais do empresario/a.
- Existen diferenzas considerables na prevalencia entre os países, cunha división xeral norte-sur e leste-oeste. A variedade é atribuíble a unha combinación de factores, incluída a etapa de avance tecnolóxico e de infraestruturas do país, a situación económica e laboral do mercado, a cultura da xerencia e os marcos reguladores.
- Aínda que o traballo TICTM predomina na maioría dos sectores, está máis estendido nos sectores de información e comunicación, servizos financeiros, actividades profesionais e científicas e administración pública.
- TICTM é máis común entre os profesionais e os homes que teñen menos de 49 anos.
- Preto da metade das persoas traballadoras con este acordo empregan TICTM de cando en vez. Isto, en combinación co feito de atopar que traballadores/as de TICTM teñen máis responsabilidades de coidado que o resto das persoas traballadoras, suxire que a demanda de flexibilidade é un dos factores que impulsan este acordo laboral.
- Os traballadores/as por conta propia adoitan empregar TICTM de xeito máis intenso.

RESEARCH REPORT



Digital age
**Telework and ICT-based mobile work:
Flexible working in the digital age**